O alumnado que supere ás **TRES** faltas de asistencia **trimestrais** para materias dunha sesión semanal e **CATRO** faltas de asistencia para materias de dúas sesións semanais poderá ser avaliado en cada trimestre mediante unha proba específica. O profesorado desenvolverá esta proba no horario asignado ao/á alumno/a, no caso das materias individuais. No suposto das materias colectivas o profesorado indicará ao alumnado a data e hora de realización da proba.

O profesorado das diferentes materias deberá notificar ao/á titor/a e á Xefatura de Estudos cando o seu alumnado acade o número de faltas sinalado.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será o órgano que resolverá as incidencias ou casos excepcionais que podan acontecer.

A materia de violín impártese nunha sesión semanal de unha hora.

#### **4.2.3.4. Medidas de recuperación ao longo do curso académico**

Consistirá nunha proba onde alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda a avaliación en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos e as pezas a interpretar na proba.

#### **4.2.3.5. Procedementos de recuperación da convocatoria ordinaria**

Para os/as alumnos/as que durante o curso non demostraron ter un dominio axeitado dos contidos e obxectivos marcados nestas programación, o docente poderá marcar unha proba final anterior á avaliación ordinaria. Consistirá nunha proba práctica onde o/a alumno/a presentará un programa cun número de obras segundo o disposto nesta programación e proposto polo/a profesor/a para ese curso. Nela terá que demostrar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.3.6. Procedementos de recuperación da convocatoria extraordinaria**

Consistirá nunha proba práctica a celebrar no mes de xuño, na que o/a alumno/a presentará un programa segundo o reflectido no Informe da materia correspondente que se lle entrega xunto co Boletín de Cualificación. Nela terá que amosar ter acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

#### **4.2.3.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso ao que aspira a acceder.

O profesorado titor/a será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula infor-



mando ás familias, e solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias que cursa o/a alumno/a.

O profesorado das distintas materias informarán por escrito en relación ás capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos reflectidos nas diferentes programacións.

No suposto de que todos os informes sexan favorables, o/a titor/a presentará a proposta á dirección do Centro que a elevará ao Consello Escolar para a súa aprobación definitiva.



## 5. Metodoloxía

Pola propia natureza da ensinanza da materia de Violín, ao ter unha maior carga de traballo individual, as técnicas de ensinanza serán individuais e activas, e o método a empregar será a autoaprendizaxe guiada, onde o/a profesor/a en cada clase orientará e motivará ao alumnado para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos que adquirirá poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos hasta un programa de concerto.

Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como son o tempo dispoñible e os espazos e recursos cos que se conte.

### 5.1 Principios metodolóxicos

Os principios que rexen a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** O carácter instrumental da especialidade de Violín require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** Cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais e nos ensaios que se poidan realizar, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** Ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir que os/as nosos/as non repitan soamente o que dicimos e pedimos.
- **Individualización:** A nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña en conta a dimensión persoal e afectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** Co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** Nos casos en que as actividades da nosa ensinanza requiran de traballo en equipo fomentárase en todo momento un clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** Esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que será útil noutras situacións, que terá aplicación reais.





- **Interdisciplinarietà:** Buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación

## 5.2 Métodos didácticos

Á hora de decidir os métodos didácticos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** Tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** Este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo/a alumno/a realízase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:

- a) Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- b) Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- c) Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- d) Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.



## 6. Atención á diversidade

A diversidade constitúe un valor que enriquece e diversifica a realidade, esixindo no plano educativo unha maior atención por parte do profesorado.

É un feito que os/as alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos/as os/as alumnos/as aprenden ao mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade, desde a clase de Violín teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que expoñan diversas estratexias para o logro dos coñecementos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses dos/as nenos/as, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Expoñer actividades de diferente dificultade e integrar aos/ás alumnos/as na máis apropiada ao seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros de cada un e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos e todas.

A atención á diversidade constitúe un indicador moi positivo da saúde do noso sistema educativo, xa que un sistema que tamén intenta dar resposta a todos eses nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo próximo ás necesidades reais do educando. Neste sentido a nosa programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.



## 7. Temas transversais

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 7.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertencen.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do ocio, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.
- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- Para rematar, a **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude



de escoita e respecto aos demais... Todas estas normas estarían referidas aos/ás compañeiros/as, ao material da aula, ao/á profesor/a, etc.

## **7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complementa cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.



## 8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Segundo o establecido no Proxecto Educativo de Centro en referencia ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas:

A. Terán a consideración de actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polo Conservatorio, de acordo cos seus proxectos e programacións e que teñen un carácter diferenciado das actividades propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan.

Son actividades complementarias fixas as seguintes:

- Audicións
- Concertos trimestrais e finais
- Aqueloutras que así o determine o centro a través dos órganos competentes.

B. Terán a consideración de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ó seu entorno e á procura da formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaranse, sempre que sexa posible, fora do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.

Son actividades extraescolares as seguintes:

- Os intercambios educativos/culturais con outros centros
- As viaxes, excursións ou saídas culturais
- Os cursos ou cursiños
- Aqueloutras que así o determine o centro a través dos órganos competentes.

C. Poderanse organizar outras actividades no centro a proposta de calquera membro da comunidade educativa que sexan de interese tanto para o centro coma para os destinatarios aos que vai dirixida. En calquera caso as propostas doutras actividades deberán seguir os puntos enumerados anteriormente no apartado que corresponda.

O alumnado do centro terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende os distintos Departamentos, agás nas audicións, onde si deberán participar.

### 8.1. Actos institucionais

Dende hai xa varios cursos académicos temos xa institucionalizados unha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do centro. Seguindo esta liña de continuidade, as posibles participacións do alumnado do centro sería nos seguintes actos:

- Concerto de Santa Cecilia: Terá lugar ao redor do 22 de novembro de cada ano.
- Concerto de Nadal : a celebrar na dúas semanas anteriores ás vacacións de Nadal.



- Concerto das Letras Galegas: coincidindo coa celebración desta data no mes de maio de cada ano.
- Concerto Fin de Grao: a celebrar a finais do mes de maio de cada ano, en ocasións coincidindo co Concerto das Letras Galegas.
- Concerto de Fin de Curso: a celebrar antes da avaliación final do curso.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa profesional.

## **8.2. Cursos e clases maxistras**

Os cursos e clases maxistras que se desexen organizar, unha vez propostos no departamento correspondente trasladaranse ao Claustro de profesores e Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do centro.

No caso de que os diferentes departamentos teñan algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar.

## **8.3. Audicións**

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o centro organizará audicións públicas de alumnos/as que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso.

O centro organizará dous ou tres períodos de audicións anuais, nas que o alumnado deberá participar como mostra do traballo realizado na clase, interpretando a ou as obras que o/a seu/súa profesor/a lle asigne, sexa en grupo ou como solista.

## **8.4. Outros**

O centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos organizados por estes, ou ben polo Concello de Vilagarcía de Arousa a través dos distintos departamentos ou Concellerías. O profesorado poderá propoñer alumnado para a súa inclusión nestas actividades.



## 9. Secuenciación por cursos

A continuación desenvólvese a programación didáctica de Violín dos graos elemental e profesional por cursos.

### 9.1. Curso: 1º de grao elemental

#### 9.1.1. Obxectivos

- Apreciación da música como medio de comunicación social.
- Potenciar a capacidade de interpretación en público, de memoria e coa suficiente seguridade en si mesmos.
- Habituar a tocar en grupo tomando conciencia dos outros instrumentos do mesmo, adaptándose ao conxunto e desenvolvendo a súa capacidade de escoitar.
- Practicar habitualmente a lectura a primeira vista.
- Adoptar unha posición corporal que permita a colocación correcta do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características a fin de desenvolver correctamente un hábito de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Adquirir nocións sobre afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acorde co seu nivel.
- Valorar o silencio como elemento primordial na música.

#### 9.1.2. Contidos

- Posición do instrumento e do arco de acordo coas características físicas do/a alumno/a con especial atención ao equilibrio corporal.
- Producción do son: Cordas ao aire empregando todo o arco e distintas lonxitudes deste.  
Compreensión de elementos que entran a formar parte da execución do son.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para conseguir a afinación e obtención dunha boa calidade de son.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos contidos nos mínimos exigibles.
- Estudo da primeira posición.
- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito (cantabile) e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda.



- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición progresiva de hábitos de estudos correctos e eficaces.
- Iniciación á lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Práctica de conxunto.

### **9.1.3. Criterios de avaliación**

- Avaliación da interpretación de pezas musicais tendo en conta aspectos como a medida, a afinación e a emisión do son.
- Valoración, a través da interpretación dos estudos e obras, da capacidade que o/a alumno/a posúe para unha aprendizaxe individual e progresiva, amosando ter acadado obxectivos propostos.

#### **9.1.3.1. Mínimos esixibles**

- Interpretación dun pequeno estudo con golpes de arco básicos: Detaché e Legato.
- Interpretación de dúas pequenas pezas a elixir entre as da metodoloxía, unha delas de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas requiridas polo docente,

### **9.1.4. Recursos didácticos**

#### **Repertorio orientador:**

- "Violin School". Vol I. S. Suzuki.
- "Young Strings in Action I". Paul Rolland.
- "El Violín Teórico y Práctico". Vol I. M. Crickboom.
- "Le Petit Paganini", Vol I.
- "Chants et Morceaux". Vol I. M. Crickboom.
- "La Técnica del Violín". Vol I. M. Crickboom.
- "El Violín Creativo 1". Wladimiro Martín.
- "Stepping Stones". Sheila Nelson.
- "Dúos" (1-14). B. Bartók.
- "Escuela de la Técnica del arco op. 2". O. Sevcik.
- "Eloadasi Darabok" vol I-II. Lanyi-Lenkei.





## 9.2. Curso: 2º de grao elemental

### 9.2.1. Obxectivos

- Apreciación da música como medio de comunicación social.
- Adquirir nocións sobre conceptos como respiración e dominio corporal aplicados á técnica do violín a fin de desenvolver calidade de son e interpretación.
- Iniciación á importancia do equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable para a execución musical.
- Potenciar a capacidade de interpretación en público, de memoria e coa suficiente seguridade en si mesmos.
- Habituar a tocar en grupo tomando conciencia dos outros instrumentos do mesmo, adaptándose ao conxunto e desenvolvendo a súa capacidade de escoitar.
- Practicar habitualmente a lectura a primeira vista.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características a fin de desenvolver correctamente un hábito de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Adquirir un control progresivo da afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acorde co seu nivel.

### 9.2.2. Contidos

- Posición do instrumento e do arco acorde coas características físicas do/a alumno/a con especial atención ao equilibrio corporal.
- Compresión de elementos que entran a formar parte do perfeccionamento progresivo do son producido empregando todo o arco e distintas lonxitudes deste.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para conseguir a afinación e obtención dunha boa calidade de son.
- Coñecementos de golpes de arco básicos e do vibrato como elemento de expresión musical.
- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda, así como a procura da coordinación entre ambos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.



- Práctica co pianista acompañante.

### **9.2.3. Criterios de avaliación**

- Valoración, a través da interpretación dos estudos e obras, da capacidade que o/a alumno/a posúe para unha aprendizaxe individual e progresiva, amosando ter acadado obxectivos propostos.
- Demostrar estar en posesión dunha crecente capacidade de autocrítica.
- Avaliación da capacidade do/a alumno/a para a interpretación en público de obras do seu nivel con seguridade e control da situación.
- Valoración do traballo realizado co pianista acompañante.

#### **9.2.3.1. Mínimos esixibles**

- Interpretación de tres estudos con golpes de arco básicos: Detaché e Legato até dúas Oitavas.
- Interpretación de dúas obras a elixir entre as da Metodoloxía, unha delas de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas audicións requiridas polo docente.

### **9.2.4. Recursos didácticos**

#### **Repertorio orientador**

- "Violin School". Vol I y II. S. Suzuki.
- "El Violín Teórico y Práctico". Vol I e 2. M. Crickboom.
- "Chants et Morceaux". Vol II. M. Crickboom.
- "La Técnica del Violín". Vol I. M. Crickboom.
- "El Violín Creativo 2". Wladimiro Martín.
- "Dúos" (15-25). B. Bartók.
- "Escuela de la Técnica del arco op. 2". O. Sevcik.
- "Eloadasi Darabok" vol I-II. Lanyi-Lenkei.
- "Concertino en Sol M." op.11. Kűchler.
- "Método violín" Vol I e 2. D. Alard



## 9.3. Curso: 3º de grao elemental

### 9.3.1. Obxectivos

- Interpretar e gozar a música como medio de desenvolvemento da sensibilidade musical e estética.
- Adquirir nocións sobre conceptos como respiración e dominio corporal aplicados á técnica do violín a fin de desenvolver calidade de son e interpretación.
- Coñecer a importancia do equilibrio entre a relaxación muscular e o esforzo indispensable para a execución musical.
- Potenciar a capacidade de interpretación en público.
- Ser consciente do seu nivel técnico a fin de valorar a calidade do seu propio son e do desenvolvemento do seu traballo.
- Practicar habitualmente a lectura a primeira vista.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características a fin de desenvolver correctamente un hábito de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Adquirir un control progresivo da afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acorde co seu nivel.

### 9.3.2. Contidos

- Posición do instrumento e do arco acorde coas características físicas do/a alumno/a con especial atención ao equilibrio corporal.
- Compresión de elementos que entran a formar parte do perfeccionamento progresivo do son producido empregando todo o arco e distintas lonxitudes deste.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para conseguir a afinación e obtención dunha boa calidade de son.
- Coñecementos de golpes de arco básicos e do vibrato como elemento de expresión musical.
- Desenvolvemento do movemento do brazo dereito e do movemento perpendicular dos dedos da man esquerda, así como a procura da coordinación entre ambos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.



- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións...) para chegar a través diso a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva, en canto a grao de dificultade, dos exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren necesarias para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do/a alumno/a.
- Introducción o estudo das tres primeiras posicións.

### **9.3.3. Criterios de avaliación**

- Demostrar o desenvolvemento da capacidade de autocorrección.
- Demostrar unha actitude relaxada ante o público.
- Demostrar un desenvolvemento da musicalidade e do fraseo.
- Demostrar unha boa adaptación musical do traballo co pianista acompañante.
- Demostrar un nivel de lectura a primeira vista adecuado ás dificultades do curso e ao nivel do/a alumno/a.
- Demostrar a capacidade de realizar os cambios de posición de maneira relaxada.
- Demostrar un nivel adecuado ao curso da capacidade de memorizar partituras.
- Demostrar ter un bo son base e unha posición corporal relaxada nas diversas dificultades.
- Demostrar estar en posesión dun son claro e limpo, adecuado ás dificultades do curso.

#### **9.3.3.1. Mínimos esixibles**

- Interpretación de catro estudos con golpes de arco e posicións, a elixir entre os da metodoloxía (Wohlfart, Kayser...).
- Interpretación de dous movementos dun Concertino ou dúas pezas diferentes a elixir entre as da metodoloxía, unha delas de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas audicións requiridas polo docente.

### **9.3.4. Recursos didácticos**

#### **Repertorio orientador**

- "El Violín Teórico y Práctico". Vol 2 y 3. M. Crickboom.
- "Chants et Morceaux". Vol III. M. Crickboom.
- "La Técnica del Violín". Vol I y II M. Crickboom.
- "Violin School". Vol II y III. S. Suzuki.



- "Escuela de la Técnica del arco op. 2". O. Sevcik.
- "Concertino. Kùchler.
- "Concertinos" op.36, 34...Rieding.
- "Estudios de Posiciones". Op. 32. Hans Sitt.
- "Estudios en dobles cuerdas". E: Polo.
- "Dúos" Op.8. Pleyel.
- "Estudios" Op. 22. Kayser.
- "Conciertos" Op. 22., 13... Seitz.
- "Método de violín" vol 2 e 3. D. Alard

## **9.4. Curso: 4º de grao elemental**

### **9.4.1.Obxectivos**

- Utilizar a súa aprendizaxe musical como un medio de comunicación persoal coa súa contorna.
- Interpretar e gozar a música como medio de desenvolvemento da sensibilidade musical e estética.
- Vincular a música á vida cotiá.
- Ser conscientes da importancia do traballo persoal e valoralo.
- Ser consciente do seu nivel técnico a fin de valorar a calidade do seu propio son e do desenvolvemento do seu traballo.
- Practicar habitualmente a lectura a primeira vista.
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e a actividade da man esquerda.
- Coñecer a sonoridade propia do instrumento e as súas características a fin de desenvolver correctamente un hábito de traballo e unha capacidade de integración nun conxunto.
- Adquirir un control progresivo da afinación a través do desenvolvemento do seu oído musical así como perfeccionar continuamente a calidade sonora.
- Interpretar repertorio básico de obras de diferentes épocas e estilos acorde co seu nivel.
- Saber analizar as obras que interpreta conforme aos coñecementos adquiridos.
-



### **9.4.2. Contidos**

- Control progresivo dos compoñentes da calidade sonora.
- Control muscular dos movementos e da respiración como elemento musical e de relaxación.
- Coñecer a terminoloxía musical e signos gráficos aplicados ao instrumento.
- Coñecemento e aplicación básica das posibilidades do tempo e dinámica como recursos expresivos para interpretar música co violín.
- Coñecemento dos golpes de arco básicos que figuran nos mínimos exigibles.
- Coñecemento da técnica do vibrato.
- Asimilación das posicións 1ª, 2ª e 3ª.
- Lectura a primeira vista e adestramento da memoria.
- Análise da estrutura básica das obras.
- Práctica co pianista acompañante.

### **9.4.3. Criterios de avaliación**

- Demostrar o desenvolvemento da capacidade de autocorrección.
- Demostrar unha actitude relaxada ante o público.
- Demostrar un desenvolvemento da musicalidade e do fraseo.
- Demostrar unha boa adaptación musical do traballo co pianista acompañante.
- Demostrar un nivel de lectura a primeira vista adecuado ás dificultades do curso e ao nivel do/a alumno/a.
- Demostrar a capacidade de realizar os cambios de posición de maneira relaxada.
- Demostrar un nivel adecuado ao curso da capacidade de memorizar partituras.
- Demostrar ter un bo son base e unha posición corporal relaxada nas diversas dificultades.
- Demostrar estar en posesión dun son claro e limpo, adecuado ás dificultades do curso.

#### **9.4.3.1. Mínimos esixibles**

- Interpretación de catro estudos con golpes de arco e posicións, a elixir entre os da metodoloxía (Wohlfart, Kayser...).
- Interpretación de dous movementos dun Concertino ou dúas pezas diferentes a elixir entre as da metodoloxía, unha delas de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas audicións requiridas polo docente.



#### 9.4.4. Recursos didácticos

##### Repertorio orientador

- "El Violín Teórico y Práctico". Vol 3 y 4. M. Crickboom.
- "Chants et Morceaux". Vol III y IV. M. Crickboom.
- "La Técnica del Violín". Vol I y II M. Crickboom.
- "Violin School". Vol III y IV. S. Suzuki.
- "Escuela de la Técnica del arco op. 2". O. Sevcik.
- "Concertino en Re M." op.11. y "Concertino" Op. 15. Kűchler.
- "Estudios de Posiciones". Op. 32. Hans Sitt.
- "Estudios en dobles cuerdas". E: Polo.
- "Estudios" Op. 84. Ch. Dancla.
- "Estudios" Op. 220. Kayser.
- "Conciertos" Op. 22., 23... Seitz.
- "Estudios" Op.45. Wohlfart.
- "Estudios" de Kreutzer do 1 ó 6.
- "Método de violín" de D. Alard volúmenes 3 e 4.
- "Sonatas y Conciertos de autores barrocos: Corelli, Vivaldi, Händel...



## 9.5. Curso: 1º de grao profesional

### 9.5.1. Obxectivos

- Perfeccionar os cambios de posición dentro das posibilidades do curso (como mínimo até a 4ª posición).
- Perfeccionar o estudo dos golpes de arco vistos en cursos anteriores: detaché, martellato, legato, bariolaxes diversos e comezar o estudo de golpes de arco saltados; spiccato, saltillo, ricochet...
- Seguir co desenvolvemento do estudo do vibrato, para conseguir no posible diferentes tipos.
- Iniciar, se non se fixo xa, o estudo de escalas (polo menos de dúas oitavas en diferentes posicións).
- Seguir traballando para que o/a alumno/a consiga unha correcta posición do violín e o arco para que poida afrontar dunha maneira relaxada as dificultades do curso.
- Continuar co desenvolvemento das dinámicas para conseguir a máxima diferenciación posible e procurar que o/a alumno/a sexa sempre consciente do seu son.
- Proseguir co desenvolvemento da memoria.

### 9.5.2. Contidos

- Exercicios que permitan conseguir unha posición do violín e da man esquerda que permita realizar comodamente as dificultades que se presenten durante o curso
- Seguir desenvolvendo as dificultades relacionadas cos diferentes golpes de arco (obter un bo legato, detaché, martelé, e continuar con outros golpes de arco.
- Traballar o arco para adecualo ao estudo dos dobres cordas, evitando presionar en exceso.
- Afianzar os cambios de posición para poder assimilar os estudos e obras que se presentan durante o curso.
- Seguir desenvolvendo no alumno /a os diferentes tipos de vibrato en escalas e estudos e o desenrolo dos matices.
- Continuar o estudo dos acentos e os picados nas escalas, así como introducir no estudo as diferentes velocidades do arco e prestar atención á presión do arco sobre a corda.
- Estudo das escalas cromáticas.
- Traballar (se é posible) os cambios de posición en dobres cordas.





### 9.5.3. Criterios de avaliación

- Demostrar o desenvolvemento da capacidade de autocorrección.
- Demostrar unha actitude relaxada ante o público.
- Demostrar un desenvolvemento da musicalidad e do fraseo.
- Demostrar un nivel de lectura a primeira vista adecuado ás dificultades do curso e ao nivel do/a alumno/a.
- Demostrar a capacidade de realizar os cambios de posición de maneira relaxada.
- Demostrar a posesión dunha técnica desenvolvida de vibrato.
- Demostrar ter un bo son base e unha posición corporal relaxada nas diversas dificultades,
- Demostrar unha boa asimilación das diferentes primeiras posicións e os seus cambios.
- Demostrar estar en posesión dun son claro e limpo, adecuado ás dificultades do curso.

#### 9.5.3.1. Mínimos esixibles

- Interpretación de: Cinco estudos con golpes de arco (Detaché, Legato, Staccato,, Martellato , Spiccato ...), Cambios de posición (Sitt...) e dobres cordas (Polo, etc.)
- Interpretación de: Duas escalas en 3 octavas, legadas ata de 8.
- Interpretación de: Duas obras da metodoloxía. Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas audicións requiridas polo docente.

### 9.5.4. Recursos didácticos

#### Repertorio orientador

- "El Violín Teórico y Práctico". Vol 4 y 5. M. Crickboom.
- "Chants et Morceaux". Vol IV y V. M. Crickboom.
- "La Técnica del Violín". Vol I e II M. Crickboom.
- "Violin School". Vol V. S. Suzuki.
- "Escuela de la Técnica del arco op. 2" También los OP. 1, 6, 8, 9. O. Sevcik...
- Sistema de escalas, arpejos, dobres cuerdas y golpes de arco, vl 2. Armando Toledo
- "Antología de Estudios para Violín". Vol 1 e 2. A. Arias.
- "Estudios en dobres cuerdas". E: Polo.



- "Estudios en Dobles Cuerdas". Bloch.
- "Estudios" Op. 84. Ch. Dancla.
- "Estudios" Op. 220. Kayser.
- "Estudios" Op.45. Wohlfart
- "Estudios". Op. 37. J. Dont.
- "Conciertos" Op. 22., 23... Seitz..
- "Estudios" seleccionados do Kreutzer
- "Sonatas e Concertos de autores barrocos: Corelli, Vivaldi, Händel...(Conciertos en SolM. Y Lam; de Vivaldi, Sonatas Op. 2 nº 1, 4, 5 e 12, Sonata nº 3 de Haëndel...)
- "Sicilianae Rigaudon". Kreisler.

## **9.6. Curso: 2º de grao profesional**

### **9.6.1. Obxectivos**

- Perfeccionar os cambios de posición dentro das posibilidades do curso (como mínimo até a 5ª posición).
- Perfeccionar o estudo dos golpes de arco vistos en cursos anteriores: detaché, martellato, legato, bariolages diversos, golpes de arco saltados: spiccato, saltillo, ricochet...
- Seguir co desenvolvemento do estudo do vibrato, para conseguir no posible diferentes tipos.
- Traballo e perfeccionamento das escalas en 3 octavas.
- Seguir traballando para que o/a alumno/a consiga unha correcta posición do violín e o arco para que poida afrontar dunha maneira relaxada as dificultades do curso.
- Continuar co desenvolvemento das dinámicas para conseguir a máxima diferenciación posible e procurar que o/a alumno/a sexa sempre consciente do seu son (contacto do arco coa corda, diferentes presións e velocidades do arco, etc.).
- Proseguir co desenvolvemento da memoria.

### **9.6.2. Contidos**

- Exercicios que permitan conseguir unha posición do violín e da man esquerda que permita realizar con total comodidade os dobres cordas así como iniciar o estudo dos acordes.
- Seguir desenvolvendo as dificultades relacionadas cos distintos golpes de arco (máis velocidade, máis cambios de corda nos diferentes golpes, etc.)



- Desenvolver o máximo posible o correcto equilibrio e presión do arco para a perfecta execución dos dobres cordas, evitando presionar en exceso co arco.
- Perfeccionar o máximo posible o Spiccato e Staccato en estudos cada vez máis complexos.
- Afianzar os cambios de posición para non ter problemas no estudo de escalas e arpexios en tres oitavas.
- Desenvolvemento do estudo das extensións.
- Desenvolvemento no/a alumno/a dos distintos tipos de vibrato e os matices.

### **9.6.3. Criterios de avaliación**

- Demostrar o desenvolvemento da capacidade de autocorrección.
- Demostrar unha actitude relaxada ante o público.
- Demostrar un desenvolvemento da musicalidade e do fraseo.
- Demostrar un nivel de lectura a primeira vista adecuado ás dificultades do curso e ao nivel do/a alumno/a.
- Demostrar a capacidade de realizar os cambios de posición de maneira relaxada.
- Demostrar a posesión dunha técnica desenvolvida de vibrato.
- Demostrar ter un bo son basee e unha posición corporal relaxada nas diversas dificultades.
- Demostrar unha boa asimilación das diferentes posicións e os seus cambios.
- Demostrar estar en posesión dun son claro e limpo, adecuado ás dificultades do curso.
- Demostrar unha correcta afinación.

#### **9.6.3.1. Mínimos esixibles**

- Interpretación de: Cinco estudos con golpes de arco (Detaché, Legato, Staccato, Martellato, Spiccato ...)
- Cambios de posición até a quinta e dobres cordas.
- Interpretación de: Dúas escalas en 3 octavas ata 12 legadas.
- Interpretación de: Dúas obras da metodoloxía... unha delas un concerto ou sonata enteira e outra obra de libre elección. Unha das obras deberá interpretarse de memoria.
- Realizaranse diversas audicións durante o curso, tendo o/a alumno/a que participar nas audicións requiridas polo docente.



#### 9.6.4. Recursos didácticos

##### Repertorio orientador

- "El Violín Teórico y Práctico". Vol 5. M. Crickboom..
- "La Técnica del Violín". Vol II e III M. Crickboom.
- "Escuela de la Técnica del arco op. 2" Tamén os OP. 1, 6, 8, 9. O. Sevcik...
- "Estudios de Posiciones". Op. 32. Hans Sitt.
- "Antología de Estudios para Violín". Vol 2 y 3. A. Arias.
- "Estudios en dobles cuerdas". E: Polo.
- "Estudios en Dobles Cuerdas". Bloch
- "Estudios" Op. 22. Kayser.
- "Estudios" Op.45 Wohlfart
